



Este domingo 24 de xaneiro, a partir das 17:00 horas, a Casa de Montes da Comunidade de Montes de San Xulián acollerá unha xuntanza informativa sobre os plans do Concello de Marín para construír un parque industrial no Monte Pituco. Trátase dun encontro organizado a petición dos habitantes e propietarios de terrenos nos lugares de Caeiro e A Pena, que organizaron un movemento veciñal que rexeita a dotación de chan industrial nesa ubicación.

Os veciños de Caeiro e A Pena, co respaldo da Asociación de Veciños de San Xulián e doutros colectivos sociais e ambientais do municipio e da bisbarra, argumentan que o Monte Pituco forma parte do Espazo Protexido Montes do Morrazo; así o establecen as Directrices de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, como Área Estratéxica de Conservación.

Outro argumento de peso é a riqueza forestal da zona, que historicamente vén servindo para fornecer de madeira e doutros recursos naturais aos veciños da zona para usos domésticos e agrogandeiros. Máis importante aínda é o incalculable valor dos restos arqueolóxicos que abundan na zona, incluída nun proxecto para crear o Espazo Arqueolóxico dos Sete Camiños, que abarcaría terreos das Comunidades de Montes de San Xulián, Lourizán e Salcedo.

Con estes motivos a nivel legal, ambiental e cultural, o colectivo Defende o Monte Pituco fai un chamamento aos veciños e comeneiros de San Xulián para que asistan, este domingo 24 de xaneiro a partir das cinco da tarde, á reunión informativa que terá lugar na Casa de Montes da parroquia.

O colectivo Defende o Monte Pituco solicitoulles entrevistas aos grupos municipais do PSOE, do BNG, do PP e de MAR-IN, dos cales só Marinenses Independentes atendeu a petición. Os veciños de Caeiro e A Pena agardan que os demais voceiros políticos reciban tamén, nos próximos días, aos afectados por este polémico proxecto.

Todas as accións impulsadas por Defende o Monte Pituco pódense seguir na páxina web <http://montepituco.wordpress.com> e través da rede social Facebook, para poñer en coñecemento de toda a sociedade esta ameaza para a paisaxe, o patrimonio e a calidade de vida dos veciños. Neste senso, o colectivo insta ao Goberno Local a estudar outra alternativa menos lesiva.